



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MANCOMUNIDADES

#### MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL

*Aprobación definitiva do orzamento xeral de 2023*

##### EDITO

O Pleno da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, na sesión realizada o día 21 de novembro de 2022, aprobou a proposta inicial do Orzamento Xeral do ano 2023.

A dita aprobación publicouse no Boletín Oficial da Provincia número 222 do 23 de novembro de 2022. O prazo para a presentación de reclamacións rematou o día 16 de decembro de 2022.

Rematado o devandito prazo, segundo o certificado do Secretario Xeral de data 20/12/2022, non se recibiu ningunha alegación contra a aprobación inicial do citado orzamento, considerándose, polo tanto, definitivamente aprobado o orzamento xeral

Quedando o estado de créditos do orzamento de gastos e ingresos do seguinte xeito:

ESTADO DE GASTOS	
Capítulo I.- Gastos de persoal	270,062.41 €
Capítulo II.-Gastos correntes en bens e servizos	1,265,715.96 €
Capítulo III.- Gastos financeiros	0,00 €
Capítulo IV.- Transferencias correntes	101,968.08 €
Capítulo VI.- Investimentos reais	0,00 €
Capítulo VII.- Transferencias de capital	0,00 €
Capítulo VIII.- Activos financeiros	0,00 €
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0,00 €
<b>Total do Orzamento de gastos</b>	<b>1.637.746,45 €</b>

ORZAMENTO DE INGRESOS	
Capítulo I.- Impostos directos	0,00 €
Capítulo II.- Impostos indirectos	0,00 €
Capítulo III.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	16,873.00 €
Capítulo IV.- Transferencias correntes	1,584,873.45 €
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	36.000,00 €
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	0,00 €
Capítulo VII.- Transferencias de capital	0,00 €
Capítulo VIII.- Activos financeiros	0,00 €
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0,00 €
<b>Total do Orzamento de ingresos</b>	<b>1.637.746,45 €</b>

Contra a aprobación definitiva poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo ao abeiro do establecido no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo), que haberá de presentarse perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende a data en que se produza a súa aprobación definitiva, expresa ou tácita.

Ferrol, 28 de decembro de 2022

O Presidente

Asdo. Angel Mato Escalona

2022/8533